

REUNIÓN FAMILIAS INICIO DE CURSO '24-'25 04/09/2025 ás 10:00h

TEMAS TRATADOS, QUE AFECTAN AO FUNCIONAMENTO DO COLEXIO:

1. Presentación equipo docente e titoras:

TITORAS

- Ed infantil A: Andrea Queiro
- Ed. Infantil B: Claudia Vaamonde
- Ed infantil A: Olaia Abad
- 1º primaria: Marta Pombo
- 2º primaria: Zaida Calvo
- 3º primaria: Sergio Rosales
- 4º primaria: Rebeca Alba
- 5º primaria: Vanessa Romero
- 6º primaria: Mirian Rial

ESPECIALISTAS

- Música: Raquel García
- Inglés: Maira Torres
- Educación física: Sergio Abal
- Relixión: Esther Tirado (itinerante)
- Pedagogía Terapéutica: Carla Díaz
- Audición e linguaxe: Estela Nercellas (itinerante)
- Orientadora: Cristina Varela (itinerante)
- PT Preferente: Uxía García (itinerante)

EQUIPO DIRECTIVO

- Director: Sergio Abal
- Secretaria: Rebeca Alba
- Xefa de estudos: Zaida Calvo Pereira

O horario de atención ao público do equipo directivo estará na porta do colexio e na páxina web do colexio e será orientativo en función das necesidades do centro.

2. Reunión das titoras coas familias:

Celebráronse as reunións coas titoras de todos os niveis. Quen non puidera vir hoxe que solicite tutoría para poñerse ao día ou preguntar dúbidas.

3. NOVEDADES:

- **NIVEIS E UNIDADES DO CENTRO:** o centro sigue con 7 unidades de maneira oficial (2 en infantil e 5 en primaria) co que eso implica como centro, pero temos habilitadas 2 aulas máis (unha en infantil e outra en primaria), polo que **funcionaremos con 6 unidades en primaria e 3 en infantil.**

- **DÍAS NON LECTIVOS NO PRESENTE CURSO:** todos os coles e institutos de Cambados escollemos o **20 de marzo e o 4 de maio**, pero está pendente de aprobar pola inspección educativa. En canto sexa oficial porémolo na páxina web do colexio e iremos informando polo Abalar cando se acerque cada unha destas datas.

4. ENTRADAS/SAÍDAS:

- O alumnado que non estea inscrito no **Plan Madruga** non debe quedar só no recinto do colexio antes das 9h, xa que non estaría baixo a responsabilidade de ninguén. Excepcionalmente e unha vez avisado o monitor/a do Plan Madruga, podería quedar con el/ela si este/a o autoriza.

- Nas **saídas** debe recoller ao alumnado alguén que estea autorizado para facelo, por iso recomendamos que poñades de máis (familiares, pais/nais de compañeiros/as, etc.), xa que nunca pasa nada ata que pasa. E para o profesorado novo sobretudo é moi desconcertante, tendo en conta que son os responsables dos vossos fillos/as ata as 14h que os entregan.

- **O primeiro día de clase (08/09)** o alumnado esperará no patio da entrada e as titoras iranos chamado por niveis (de maior a menor) para acompañalos ata a súa aula. A partir do segundo día, no que xa coñecen a súa aula, subirán sós unha vez soe a música.

5. PUNTUALIDADE E FALTAS DE ASISTENCIA:

- Ao igual que para a **recollida dun alumno/a** quen se ten que ir antes (fírmase a recollida e o motivo), tamén temos un rexistro para o alumnado que chegue tarde, no que tamén deberán asinar e poñer o motivo.
- Si o horario de entrada é ás 9h, ás 9:05 aprox. pecharemos as portas do cole, como facemos sempre por seguridade. O alumno/a en cuestión será recibido pola conserxe ou mestra de garda e o pai/nai/titor deberá indicar o motivo do atraso. O único motivo desta medida é o de fomentar a puntualidade, valor que lle será útil no futuro. A reiteración en atrasos sen xustificación pode implicar a falta de asistencia na primeira sesión.

6. COMUNICACIÓN DENDE O CENTRO:

- A canle de comunicación do centro coas familias será principalmente **por medio da aplicación ABALAR**. En todo caso, soemos reproducir/reenviar as mensaxes do ABALAR tamén no grupo de whatsapp da ANPA.
- As notificacións máis importantes tamén soemos poñelas na web do colexio.
- Para que non ten ABALAR facemos aviso telefónico ou por medio de nota escrita.

7. Boletín de notas:

Ao igual que no curso pasado farémolo **por medio do Abalar** (entregarase en papel a quen non dispoña deste medio ou quen o solicite expresamente). De novo a 3ª avaliación e a avaliación final serán unha vez rematado o curso (22 de xuño aproximadamente).

8. TITORÍAS:

Serán, previa cita, **os martes de 16 a 17h**. Acordado coas titoras e sempre que non interfira en reunións de centro, poderá ser en calquera outro momento (polas mañás, martes noutra hora,...).

9. MERENDAS SAUDABLES:

- Mandarémoslle a cada neno/a unhas recomendacións e ideas de merendas saudables para tomar no recreo. En todo caso e se existen dúbidas a base principal da merenda serán a **froita e a auga**, que a maiores podemos combinar con outros alimentos saudables.

- Na mesma liña que o anterior e relacionado coas merendas, tamén queremos **REDUCIR a cantidade de lixo** que xeramos no centro, fomentando o uso de **recipientes reutilizables** como: tuper ou similar, botellas de auga reutilizables, envoltorios/fundas de bocatas reutilizables,...

10. BIBLIOTECA POLAS TARDES:

- A biblioteca estará aberta polas **tardes de outubro a xuño os luns, mércores e xoves en horario de 16 a 18h**. Si eventualmente non abraira algún outro día, faremos aviso polo Abalar.
- **O alumnado de infantil non poderá estar só na biblioteca**. O alumnado de primaria si poderá estar sen acompañante adulto na biblioteca pero **non poderá marchar só/soa, salvo os de 5º e 6º con autorización escrita igual que para a saída do colexio**.
- O servizo de biblioteca non é un recreo, unha ludoteca ou unha actividade extraescolar máis onde deixar aos nenos e nenas ata as 18h. Nós estamos encantados de que sexa un servizo útil e aproveitable para o alumnado e as familias e que veñan cantos máis mellor (familias, antigos alumnos/as, veciños/as,...) pero **requírese un comportamento axeitado que permita a convivencia entre todos/as**.

11. ANPA:

Teléfono 642516995; correo electrónico: anpa.oestanque@gmail.com; presidenta María Barbeito / Oscar Estévez

12. PLAN MADRUGA:

Servizo apoiado polo concello. Débese facer a **inscrición na Biblioteca Municipal** con cita previa (solicitar copia do formulario no colexio). **Horario do servizo: de 7:30 a 9:00h**.

13. COMEDOR:

- **Xestión por parte da ANPA** (falar cos representantes para obter información).

- Para facer uso do comedor de xeito esporádico, avisar de que non vai ir, cambiar de días, etc. Debe avisar directamente ao **catering ARELAS (986408151)** cunha antelación de 24-48h.
- **Quen queira facer uso do mesmo o luns día 8, debe avisar como moi tarde o venres 5 ata as 15h.**

14. PDI do centro: logo da votación do alumnado o tema a tratar neste curso será **“Corvillón”**.

**Pedimos que ante calquera dúbida, malentendido, malestar, incidencia, aclaración, etc., antes de enfadarnos, preguntade ás vosas titoras si ten que ver con sucesos de aula; ou co equipo directivo si son cousas xerais do centro ou si así o considerades, xa que somos moi accesibles no horario marcado de atención ao público, no horario de saída, martes pola tarde ou sempre que nos vexades e non teñamos clase.*

O Equipo Directivo